



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/16	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de abril de 2018
Duración	Desde as 19:00 ata as 19:20 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON
Escusas de asistencia presentadas: 1. XOSE MANUEL PAZOS VARELA:		



Concello de Cangas

«Resolución da Alcaldía do 17.04.2018 de suplencia de presidencia da XGL»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 9 de abril de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 9 de abril de 2018.

Expediente 1695/2018. Informe da Policía Local s/sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe emitido en data 06.04.2018 polo departamento de sinalización da Policía Local do Concello de Cangas, que indica o seguinte:

"Que no cruce da Avda. de Marín coa rúa Gondomar se colocaron dous sinais de 'ceda o paso', que este departamento por maior seguridade viaria propón cambialos por dous sinais de 'STOP'".

Expediente 1550/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Expediente 1494/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 1494/2018.- A J. M. F., con enderezo a efectos de notificacións en rúa da Lapiña, nº 31-Nerga-O Hío, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para construción de edificación de planta baixa dedicada a garaxe de 30,90 m²., sita en rúa da Lapiña, nº 31-Nerga, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico F. M. L. en data marzo de 2018. A licenza outorgarase condicionada ao cumprimento do sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a doce mil trescentos sesenta euros (12.360,00 €).

Expediente 1750/2018. Licenza urbanística (corrección de erros)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Detectado un erro na redación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local realizada en data 19.05.2010, relativo ao expediente nº 21.897, licenza nº 21.310, modifícase este no sentido en que cando di que as superficies construídas son 102,60 m²., de planta baixa e 554,35 m²., de primeiro andar, de conformidade co proxecto reformado visado con data 7 de xullo e 1 de decembro de 2009, debe dicir: “102,60 m²., de planta baixa; 54,35 m²., de primeiro andar, de conformidade co proxecto reformado visado con data 7 de xullo e 1 de decembro de 2009”.

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, RESOLVO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

EXPEDIENTE Nº 1750/2018.- (EXPEDIENTE Nº 21.897- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.310).- A D. F. R., con enderezo na Avda. Félix Ozámiz, nº 56-Cangas, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as superficies construídas son 102,60 m²., de planta baixa e 54,35 m²., de primeiro andar, de conformidade co proxecto reformado visado con data 7 de xullo e 1 de decembro de 2009.

Expediente 991/2018. Licenza de parcelación

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 991/2018.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promoven A. C. P. e A.C.R., con domicilio a efectos de notificacións na Avda. de Lugo, nº 39 e na Avda. de Bueu, nº 11-1ªA, respectivamente, consistente en segregara, agrupar e parcelar unha serie de predios para partir un predio inicial de 2.476,95 m²., sito no lugar de Camiño de Cima de Vila-Palomar-Darbo, en cinco parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico de parcelación, segregación e agrupación elaborado pola arquitecta M. T. F. G. de data febreiro de 2018.

Vistos os informes técnicos emitidos polo arquitecto municipal de data 27 de febreiro de 2018 e pola xefa do departamento de urbanismo en data 6 de abril de 2018, propónse á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por A. C. P. e A. C. R., dunha serie de predios agrupados que dan lugar ao predio inicial de 2.476,05 m²., sito no lugar de Camiño de Cima de Vila-Palomar-Darbo segregala en cinco parcelas resultantes, de conformidade co proxecto



Concello de Cangas

técnico de parcelación, segregación e agrupación elaborado pola arquitecta M. T. F. G. de data febreiro de 2018, da cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 845,44 m²., na que existen unha edificación de planta baixa e baixo cuberta; a parcela 2 de 872,13 m².; a parcela 3 de 610,97 m².; a parcela 4 de cesión de 114,67 m².; e a parcela 5 de cesión de 32,84 m²., para ampliación do viero municipal.

SEGUNDO.- Consta no expediente pro-forma do documento público no que se reflicte a división de terreos e copia do plano parcelario e fichas descritivas dos lotes resultantes para incorporar á resolución municipal que outorgue licenza.

TERCEIRO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes, desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 147,51 m². De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.

Expediente 1615/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1615/18- Dase conta da comunicación previa presentada por B. M. B., para substitución de cuberta, modificación de ocos en fachada e mellora de aillamento de fachada, de edificación sita na rúa Hérois de 1617-San Roque- Darbo, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico J. P. Y., de data marzo de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a mil novecentos vinte e tres euros con setenta e oito céntimos (1923,78 €).

Acéptase a cesión de terreo para o viero efectuada o 16 de marzo de 2018 por una superficie de 23,34 m²., en acta de comparecencia.

Expediente 1569/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1569/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "WORLDWIDE FISHING COMPANY SL", con enderezo a efectos de notificacións na rúa Arrecife, nº 8-entrechán-Cangas, para acondicionamento de local para oficinas en edificio sito na Avda. de Bueu, nº 15-baixo, Local 2-Cangas, de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro industrial S. A. F. de data febreiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a oito mil cento trinta e nove euros con cincuenta e oito céntimos (8.139,58 €).

Expediente 440/2017. Infracción urbanística nº 24/2016

Favorable

Tipo

de

votación:

Concello de Cangas



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta da Alcaldía de data 06.04.2018, referente a expediente de infracción urbanística nº 24/2016, que di:

"Resultando que no lugar de San Amaro-Aldán, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar a reconstrución dun muro de cachotería, dúas casetas e un cerramento da fronte da parcela.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados J. H. D., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve, segundo o sinala o artigo 158.4 da mesma norma e visto o informe do técnico municipal de data 6 de abril de 2018.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei se reducirán na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a J. H. D., por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lle concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que ten dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse por repoñer por si mesma a realidade física alterada antes da



resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Expediente 1747/2017. Infracción urbanística nº 11/2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de resolución da instrutora do expediente sancionador nº 11/2017, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

M. R. G., instrutora designada polo Alcalde do Concello mediante proposta de Alcaldía, de data 28 de novembro de 2017, en relación co expediente sancionador que se está a tramitar neste Concello co nº 1747/2017-11/2017, emite a seguinte proposta de resolución visto os seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de S. M. G. G. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de Menduñña-Aldán, obras sen licenza consistentes en realizar a instalación dunha caseta de 20,00 m²., para apeiros de labranza, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 10.05.2017.

SEGUNDO.- Iniciado o expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 04.12.2017, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, a interesada non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Visto canto antecede, e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:



PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.-Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Menguíña-Aldán, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 158.3.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 26 de xullo de 2016.

SEGUNDO.- Que S. M. G. G., na súa calidade de promotora é responsable directa da referida infracción.

TERCEIRO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, e o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía seis mil un euros (6.001,00 €). Indicar ao interesado que se legaliza as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Impoñer a S. M. G. G., na súa calidade de promotora, unha multa sancionadora de seis mil un euros (6.001,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Menguíña-Aldán, consistentes en realizar unha caseta de madeira de 20,00 m2., sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 12 de maio do 2017.

Advírtese á interesada que as sancións impostas ao abeiro da Lei 2/2016 reduciranse na súa contía nun 50 por cento, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo".

Expediente 273/2017. Infracción urbanística nº 10/2017-273/2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 10.04.2018 da instrutora do expediente sancionador nº 273/2017, que é como segue:

"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas e vista a liquidación da sanción efectuada en data 27 de novembro do 2017, de N. L. B., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 273/2017.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a N. L. B.por ter realizado no lugar de Nerga-O Hío, as obras de reforma e ampliación de edificación, vista a liquidación efectuada en data 27 de novembro do 2017, obrante no expediente".

Expediente 1731/2018. Concesión de axudas de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de data 09.04.2018 de resolución de concesión de axuda económica de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

D. E. G. G., xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)

En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de catrocentos euros (400,00 €), a R.P.S."*

Expediente 1640/2018. Proposta do concelleiro de Mocidade e Voluntariado s/aprobación das bases do "16º Certame de Cómic"

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 12.04.2018 do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a aprobación das bases do "16º Certame do Cómic", que é como segue:

"PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Andrés García Bastón, concelleiro de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación das bases do 16º Certame de Cómic.

1.- Dirixido a xóvenes artistas non profesionais de ata 35 anos cumpridos dentro do ano 2018.

Establécense as seguintes categorías:

CATEGORÍA A: de 18 a 35 anos.

CATEGORÍA B: de 14 a 17 anos.

VIÑETA XOVE: menores de 14 anos.

2.- Os traballos serán orixinais con textos en galego, de creación propia e inéditos, non debendo ter sido premiados en ningún outro certame ou concurso.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Tema e técnica libre (cor ou branco e negro) en formato DIN A-4 (210mm x 297 mm). A extensión será de 4 páxinas para as categorías A e B, e de 2 a 4 páxinas para o Premio Viñeta Xove.

3.- A presentación das obras pode facerse de xeito individual ou conxuntamente entre guionista e debuxante e poderán presentar tantas obras como o desexen, sempre dentro da categoría correspondente.

Cada autor tan só optará a un dos premios.

4.- Os traballos presentaranse sen asinar, indicando no encabezamento o título ou pseudónimo adoptado polo/pola autor/autora e deberán ser enviados polo sistema de plica, é dicir, introducidos nun sobre pechado xunto con outro sobre de menor tamaño que conteña a fotocopia do DNI, nome e apelidos, enderezo postal, teléfono e enderezo electrónico.

Se a obra a foi realizada con ordenador, xunto ás páxinas impresas débese xuntar unha copia en soporte dixital (CD ou pendrive). O tamaño mínimo debe ser DIN A4 a 300 ppp, en formato PDF en RGB ou CMYK. As páxinas deben estar claramente numeradas.

Poderán tamén enviar as obras por correo electrónico a xuventude@cangas.gal. A presentación será mediante un único correo que inclúa os dous documentos: o traballo en formato PDF e outro documento chamado PLICA con fotocopia do DNI, nome e apelidos, dirección postal, teléfono.

A OMIX confirmará a recepción de orixinais e garantirá o tratamento confidencial do traslado dos traballos ao xurado.

5.- Os traballos deberán ser presentados antes do 8 de xuño de 2018 na Casa da Xuventude do Concello de Cangas (Rúa Real, 29-36940 Cangas-Pontevedra) ou xuventude@cangas.gal

6.- Establécense os seguintes premios:

CATEGORÍA A: PREMIO 500 €.

CATEGORÍA B: PREMIO 200 €.

VIÑETA XOVE: PREMIO 100 €.

7.- A organización non se responsabilizará de posibles danos ou extravíos das obras, que serán obxecto dunha exposición no 18º salón do Cómico e Ilustración, do 16 ao 22 de xullo.

8.- O xurado presidido polo concelleiro delegado de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas, estará composto por persoas cualificadas neste campo artístico. 2 debuxantes, 1 técnico de cultura, recaendo a secretaría na técnica responsable de Xuventude. O concelleiro delegado de área será o encargado de nomear aos membros deste tribunal.

O xurado poderá declarar deserto calquera destes premios.

9.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello de Cangas.

10.- As bases serán publicadas na web do Concello de Cangas, no facebook de Xuventude e a través da prensa Local.



11.- A participación implica a aceptación destas bases".

Expediente 1182/2018. Licenza urbanística (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1182/2018.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB, para en rúa Xanfreira, nº 20–Coiro, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha rede de baixa tensión soterrada canalización de 16 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación presentada en data febreiro de 2018 e vista a autorización da Deputación de Pontevedra de data 19 de marzo de 2018 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de dous mil seiscientos corenta e sete euros con vinte e seis céntimos (2.647,26 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 1738/2018. Proposta da concelleira de Obras e Servizos para nomeamento de dirección de obra do proxecto “Reparación de saneamento e pluviais en Rúa Oriente e Rúa Méndez Núñez” (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:



Unanimidade/Asentime
nto

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Obras e Servizos, referente a nomeamento de dirección de obra do proxecto "REPARACIÓN DE SANEAMENTO E PLUVIAIS EN RÚA ORIENTE E RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ", que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA AO NOMEAMENTO PARA A DIRECCIÓN DE OBRA DO PROXECTO: 'REPARACIÓN DE SANEAMENTO E PLUVIAIS EN RÚA ORIENTE E RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ'

1º.- Vista a aprobación da Xunta de Goberno Local do proxecto 'Reparación de saneamento e pluviais en Rúa Oriente e Rúa Méndez Núñez'.

2º.- Vista a necesidade de comezar os traballos de reparación para coordinar co proxecto de humanización da rúa Baiona e Méndez Núñez, a aceptación da oferta presentada de vinte e nove mil novecentos cincuenta euros con noventa e dous céntimos (29.950,92 €), da empresa 'Construcciones Vale SL', e a necesidade de nomear dirección de obra para súa execución.

Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear á arquitecta municipal, M. I. M. F., como directora da obra: 'Reparación de saneamento e pluviais en rúa Oriente e rúa Méndez Núñez'".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE